

GASTRONOMÍA GALEGA
Nesta 17ª edición do programa ofértanse ata 158 menús especiais, dous por establecemento. Na imaxe, comedor da Pousa Torre Lombarda en Allariz, un dos establecementos adheridos.



CASAS DE TURISMO RURAL
O Outono Gastronómico combina a gastronomía galega con estadias en aloxamentos de turismo rural, como é o caso da Casa Grande de Rosende (na foto), no municipio de Sober.



Presentación en Baiona deste programa turístico o 5 de setembro.

OUTONO GASTRONÓMICO

Turismo rural, natureza e gastronomía

Un total de 79 establecementos galegos (22 deles lucenses e 17 da provincia de Ourense) participan na 17ª edición do exitoso programa da Xunta de Galicia, aberto ata o vindeiro 17 de decembro

O SIL/REDACCIÓN

Gozar dunha saborosa gastronomía facendo unha escapada en parella, cos amigos, en familia ou mesmo reservando un tempo e un espazo para un mesmo. É a proposta que lanza o 17º Outono Gastronómico de Turismo Rural, un programa da Xunta de Galicia, que combina gastronomía, natureza, experiencias turísticas complementarias e estadias en aloxamentos de turismo rural nas catro provincias. Nesta edición, que se iniciaba o 15 de setembro e que concluirá o 17 de decembro, incrementase o número de aloxamentos adheridos ao programa, un total de 79, dos que 24 están na provincia da Coruña, 22 en Lugo, 17 pertencen a Ourense e 16 son pontevedreses. Cada unha das casas rurais participantes ofrecerá dous menús distintos, exclusivamente concibidos para esta ocasión, que inclúen un entrante, primeiro e segundo prato, sobremesa e viño de Denominación de Orixe Galega.

Como en anteriores edicións, o programa completo do Outono gastronómico en Turismo Rural de Galicia pódese consultar na web de *Turismo.gal*, e, ademais de degustar menús especiais, permite contar co aloxamento ou cun programa de fin de semana. Ademais, 24 dos establecementos adheridos ofertan "Outono Plus", no que se propoñen actividades complementarias como paseos a caballo ou rutas en kaiak.

As persoas interesadas en desfrutar deste programa tamén poden adquirir o "Paquete Outono Gastronómico", que permite degustar o "Menú Outono Gastronómico" e pernoitar na casa de turismo rural elixida, ou ben gozar da oferta completa coa "Fin de Semana Outono Gastronómico". Outra das posibilidades é compartir coa familia unha fin de semana apuntándose á oferta "Fin de Semana Familiar Outono Gastronómico" (1 ou 2 nenos/as). Tamén está a opción do "Outono Plus" naqueles establecementos que ofertan adicionalmente outras actividades complementarias como os citados paseos a caballo, descenso en canoa, sendeirismo, visitas culturais...

Así no caso da provincia de Ourense son

EXPERIENCIAS PARA VIVIR O OUTONO
Esta nova edición do programa achega 160 propostas en toda Galicia entre o 15 de setembro e o 17 de decembro. Dentro desta oferta está a do Eido das Estrelas en Valdín (A Veiga).



Exterior da Ferrería de Rugando (Quiroga), que participa no programa.



MENÚS ESPECIAIS
No caso da provincia de Ourense poden desfrutarse nesta edición ata 44 menús diferentes, entre eles os da Rectoral de Chandrexa, no municipio de Parada de Sil.



Patio da Casa Grande de Cristosende (A Teixeira).

17 os establecementos participantes nesta 17ª edición do Outono Gastronómico e que achegan ata 34 menús diferentes, acompañados de bebidas como viños con D.O. ou cervexas de diverso tipo, auga ou refrescos ou mesmo licores; e inclúen tanto produtos de tempada como son os cogomelos ou as castañas, como pratos de carne, de peixe ou mesmo algún con marisco. Estes establecementos son: O Almacén en Cervó, Os Tres Teixos en Martín (Foz), Finca O Bizarro en Rego Rubio (Trabada), Casa Norita nas Pantiagueiras (Lourenzá), Longarela Casa Rural nos Vilares (Castroverde), Casa de Abaixo en Castro Alfonsín (Lugo), Casa O Crego en Vilaquinte (Cervantes), A Fervezina no Reguengo (O Corgo), Pazo de Ludeiro (Monterroso), Santa Mariña na localidade do mesmo nome (Portomarín), A Lareira en Chan de Vilar (As Nogais), Casa Caxigueiro en Sabenche (Sarria), Casa da Triegas e Casa Caselo en Paderne (Folgo do Courel), Casa Ferreiro en Seoane do Courel (Folgo do Courel), Pazo do Piñeiro en Soilán (Chantada), Casa Vilamor en Vilamor (O Saviñao), Rectoral de Castillón (Pantón), Casa dos Muros no Outeiro (Pantón), Casa Rural Santo André en San Miguel (Rairiz de Veiga), Casa Baralló en Casal do Souto (Lobios), O Retiro do Conde en Vilaza (Monterrei) e a Casa da Feira na Portaxe (Lobios).

No referente á provincia de Lugo ata 22 casas de turismo rural participan nesta iniciativa, o que supón un abano de ata 44 menús diferentes. Estes establecementos son: O Almacén en Cervó, Os Tres Teixos en Martín (Foz), Finca O Bizarro en Rego Rubio (Trabada), Casa Norita nas Pantiagueiras (Lourenzá), Longarela Casa Rural nos Vilares (Castroverde), Casa de Abaixo en Castro Alfonsín (Lugo), Casa O Crego en Vilaquinte (Cervantes), A Fervezina no Reguengo (O Corgo), Pazo de Ludeiro (Monterroso), Santa Mariña na localidade do mesmo nome (Portomarín), A Lareira en Chan de Vilar (As Nogais), Casa Caxigueiro en Sabenche (Sarria), Casa da Triegas e Casa Caselo en Paderne (Folgo do Courel), Casa Ferreiro en Seoane do Courel (Folgo do Courel), Pazo do Piñeiro en Soilán (Chantada), Casa Vilamor en Vilamor (O Saviñao), Rectoral de Castillón (Pantón), Casa dos Muros no Outeiro (Pantón), Casa Rural Santo André en San Miguel (Rairiz de Veiga), Casa Baralló en Casal do Souto (Lobios), O Retiro do Conde en Vilaza (Monterrei) e a Casa da Feira na Portaxe (Lobios).

Deste xeito, Lugo é a segunda provincia galega con maior participación de casas ru-

rais, só superada pola de Pontevedra.

O Outono Gastronómico constitúe un exitoso programa de Turismo de Galicia, tal e como se reflicta nos datos das anteriores edicións, ao longo das cales tomaban parte nel máis de 85.000 persoas que xeraron no sector turístico rural galego máis de 5,3 millóns de euros coas súas estadias nos establecementos de turismo rural adheridos ao programa, en palabras do director de Turismo de Galicia, Xosé Manuel Merelles.

Este ano o Outono Gastronómico promoveuse durante a época estival, a través do bus promocional que fixo paradas en 14 áreas de toda a costa galega co que "pretendiamos dar a coñecer este programa tan consolidado entre os visitantes de verán, dándolle continuidade á campaña de verán e dinamizando a demanda turística nas áreas rurais a través dun programa de gran éxito", explicaba Merelles. Para o director de Turismo de Galicia, a promoción garantirá que esta nova edición volva ser un éxito e unha boa proba de que a colaboración público-privada no ámbito do sector turístico xera riqueza para o territorio e contribúe a dinamizar a gastronomía galega.

Ao longo das 16 edicións anteriores deste programa participaron máis de 85.000 persoas e coas súas estadias nos establecementos turísticos adheridos xeráronse máis de 5,3 millóns de euros no sector turístico rural galego

MÁIS INFORMACIÓN:
<https://www.turismo.gal/>